

ct

# Estigma

de

Vanesa Sotelo, Jacobo Paz y Rubén Ruibal

*(fragmento)*  
*en galego*

ESCENA 1  
(Tadeo, Clemente)

*Tadeo lanza a súa navalla unha e outra vez sobre a mesa. Clemente abre unha botella e bebe. Clemente interrompe o xogo de Tadeo. Tadeo fica inmóbil.*

ACHÉGASE

sentado

COMOPENSARENDESAPARECER

PORONDECOMEZARADESAPARECER

ACHÉGASE

Vinte e seis anos sentado

NONPARAQUEALGUÉNOPARE

PORQUENONPARA

Vinte e seis anos sentado sobre a mesma

cadeira e hoxe érguese para pensar

caerá vinte e seis anos resúmense nunha

soa caída dirección única vertical

bebe ou afogarás

CHORAOUQUEDARÁS/ENSECO

bebe odio traga odio cuspe odio

odia / en seco

AMEMORIAINÚNDASE

EQUEDA/ENSECO

a memoria achégase a memoria

agóchase no ventre das eguas mortas

nas mulleres esquecidas nas nosas mans

QUEESTOURENASNOSASMANS

degrétanse pola fame pola sede

dos que ven o mar / en seco

NASNOSASMANSQUEESTOURE

que estoure a bomba que tes dentro da

cabeza amoblada de escuridade

que estoure a burbulla de aire que viaxa

desde o hiperbóreo vaso sanguíneo

até o hipotálamo

QUEESTOUREABOMBAQUETES

DENTRODACABEZAAMOBLADA

DEESCURIDADE

QUEESTOUREABURBULLA

DEAIREQUEVIAXADESDE

OHIPERBÓREOVASOSANGUÍNEO

ATÉOHIPOTÁLAMO

TERUNHAMULLER

PROPIAUNFILLO  
 PROPIOUNHABONECA  
 PROPIAUNSUCESOR  
 PROPIOUNHAMORTEPROPIA  
 UNLUGARPROPIO  
 queredías manterte en pé ferirme no  
 amor propio  
 ACHÉGASEQUEALGUÉNOPARE  
 PORQUEVÉNPARARMEENSECO  
 TODOSCAERON  
 ABATIDOSTODOS  
 ELASABATIDSAQUÍ  
 AQUÍOSCABALOSFORONPRIMEIRO  
 LOGOASFEMIASSELOGOOSHOMES  
 AQUÍ  
 EUVIANASÚAFAMEEEEELESAMIÑASEDE  
 Terían feito o mesmo un por un  
 con cada un de nós  
 NONESTOUTRANQUILO  
 NONMEDIGASTRANQUILO  
 PAPÁ  
 Deixa a papá tranquilo a tranquilidade é  
 unha forma de vida non delata aos que  
 viron morrer e non fixeron nada  
 AMIÑAHISTORIAUNESPELLOCON  
 SETEANOSDEINFORTUNIO  
 PAPÁ  
 Papá rompeu o espello que había sobre  
 a parede en cal vivo  
 TRANQUILO  
 A tranquilidade é unha forma de vida  
 non delata aos que mataron e pecharon  
 os ollos para non gardar intactos os espellos  
 AQUELESPELLOIMPEDÍA  
 TRANQUILIDADE  
 Por iso papá rompeu o espello que había  
 sobre a parede en cal vivo  
 PAPÁ  
 Papá nunca quixo pechar os ollos  
 PORISOTIVEMOS  
 QUEPECHARLLOS  
 PASALO MAL NON É O MESMO QUE SUFRIR  
 ABONDA CONQUEMEARRINQUES  
 ADORACABEZAPARANONSABEROS  
 OLLOSPARANONVERASORELLAS  
 PARANONESCOITAREOCORAZÓN  
 PARANUNCAMÁISSENTIRMEDO

AQUETEADICAS?

DESCOSOCORAZÓNS

O mellor xinete é o que despois de caer a  
terra volve montar

OMELLORXINETEÉOQUEDESPOISDE

CAERATERRAVOLVEMONTAR

ESCENA I  
(Tadeo, Clemente)

*Tadeo lanza a súa navalla unha e outra vez sobre a mesa. Clemente abre unha botella e bebe. Clemente interrompe o xogo de Tadeo. Tadeo fica inmóbil.*

TADEO  
Como o aturas?

CLEMENTE  
Bebe.

TADEO  
Como podes aturalo? Media hora...

*Silencio.*

TADEO  
Media hora... é o que queda.

CLEMENTE  
É o que falta: media hora. Bebe.

TADEO  
Non quero que chegue...

CLEMENTE  
Bebe.

TADEO  
Non quero.

CLEMENTE  
Trátase de poder. E ti non podes evitar nada.

TADEO  
Non vou agardar sentado.

CLEMENTE  
E que podes facer?

*Silencio.*

TADEO

Podemos cambiar o ano.

CLEMENTE

Para que?

TADEO

Co ferro de marcar os cabalos.

CLEMENTE

Para que?

TADEO

Trinta anos máis.

CLEMENTE

Para que?

TADEO

Pénsao. Trinta anos máis.

CLEMENTE

Non vou aturar trinta anos máis contigo.

*Clemente bebe.*

*Tadeo fica en silencio e retoma o xogo coa navalla.*